

Moi bos días neste 3 de maio de 2018, día Mundial da Liberdade de Prensa.

Nesta data lembramos a Xosé Aurelio Carracedo, este ano estamos a falar da edición vinte e oito, e facémolo no día en que celebramos os principios fundamentais da liberdade de prensa, avaliando a súa realidade a nivel mundial, defendendo aos medios de comunicación dos ataques á súa independencia e rendendo homenaxe aos xornalistas que perderon as súas vidas no exercicio da súa profesión.

O 3 de maio proclamouse Día Mundial da Liberdade de Prensa en 1993, pola Asemblea Xeral da ONU, seguindo a recomendación adoptada durante a 26 sesión da Conferencia Xeral da UNESCO en 1991.

En 2017 foron 82 os xornalistas ou membros de equipos informativos ASESINADOS no mundo, 18 deles en países latinoamericanos, con México –con 13- á cabeza, segundo a FAPE (Federación de Asociacións de Periodistas de España) “sen que os gobernos actuaran con dilixencia para esclarecer os crimes”. Unha FAPE que alerta do retroceso da liberdade de prensa en España, especialmente en Cataluña polo conflito político. Unha FAPE que aproveita a xornada de hoxe para pedir aos xornalistas para que defendan “ a súa independencia con firmeza e aposten por un xornalismo alleo aos poderes” e que respecten o dereito das persoas á súa propia intimidade e imaxe e o principio de que toda persoa é inocente mentres non se demostre o contrario”.

Nun momento histórico no que debemos seguir reivindicando a liberdade con maiúsculas, nun escenario, o do século XXI onde os cidadáns temos a posibilidade de erixirnos como medio de comunicación mediante o poderoso papel das redes sociais. Unha plataforma que fai que as chamadas noutro tempo “últimas noticias” sexan adiantadas en cuestión de segundos por outras dende diferentes perspectivas, nun proceso imparabile. Velaí o descenso no número de lectores dos xornais en papel, o peche de moitas cabeceiras, e o atractivo de mantérmonos informados o máis actualizado posible. Velaí o coidado que os xornais deben respectar coa inevitable provisionalidade das súas informacións.

Estamos tamén debatendo sobre a chamada “pos-verdade”, concepto que racha coa esencia fundamental da información e da comunicación: a busca da verdade na súa real expresión, deixando as interpretacións de cada suceso para outro momento en función dos intereses existentes.

Este día 3 de maio é un momento magnífico para poñer en valor as verbas e posicionamento de xornalistas como Mark Thompson, Director Executivo de The New York Times Company, que en “Sin palabras” identifica un dos pecados capitais da situación, cando escribe que “O risco moral máis serio que afronta o xornalista moderno quizais sexa o pecado que os teólogos medievais denominaban “Acidia”. É o menos comentado dos 7 pecados capitais; tradúcese normalmente como pereza, pero o que significa en verdade é o defecto da desgana, da desconexión co significado real das

palabras ou das accións. Na práctica xornalística, prosigue Thompson, a acidia leva a un reporteiro a terxiversar a realidade ata deixala irrecoñecible con tal de que se pareza, aínda que sexa de lonxe, a un dos relatos rutineiros do seu limitado repertorio. E tamén lle induce a esaxerar e demonizar, non tanto por malicia como porque ese tamén é o procedemento habitual, o que a noticia necesita e o que, sen dúbida, seu xefe e, quen sabe, quizais ata os seus lectores aprenderon a esperar”.

Non podemos contentarnos coa sentenza de Phil Graham, célebre editor do Washington Post, cando cualificaba ao xornalismo como “un primeiro borrador da Historia”. Temos que ser igual de autoesixentes en todas as profesións e actividades como o debemos ser en canto membros dunha comunidade na consecución dos obxectivos marcados. E a procura da verdade é un reto irrenunciable.

En ningún momento debemos caer, en calquera faceta da sociedade, nos métodos de envilecemento da información que, segundo o xornalista Arcadi Espada, son os tradicionais da prensa amarela: a esaxeración, o escamoteo e a insidia.

Un autor que chama a atención por cuestións tan evidentes como que so nas ditaduras o acusado debe probar a súa inocencia, sen dúbida unha “probatio diabólica”. Reivindicando, como debemos facer todos, e hoxe é unha ocasión acaída para facelo que “o xornalismo debe ser o primeiro interesado na limpeza das palabras”.

Por iso hoxe lembramos a Xosé Aurelio Carracedo, escribindo con letras maiúsculas verbas como COMPROMISO e VOCACIÓN.

Por iso hoxe felicito ao xurado por premiar a unha persoa que, co seu traballo, aporta, constrúe, entrega por e para a sociedade á que todos aspiramos a servir.

Por iso deséxolles a todas e a todos un feliz día Mundial da liberdade de Prensa. Incúmbenos a todos. Sexamos protagonistas da mesma.

Remato reproducindo as verbas que fixo publicas para o día de hoxe Antonio Guterres, Secretario Xeral das Nacións Unidas:

“No Día Mundial da Liberdade de Prensa de 2018, fago un chamamento aos gobernos para que impulsen a liberdade de prensa e protexan aos xornalistas. Promover unha prensa libre é defender o noso dereito á verdade.”

Moitísimas grazas e parabéns.